

MEMORIA ANUAL

CURSO 2019-2020

Asociación de nais de pais de alumnos “San Simón” do IES
de Cacheiras

OBXECTIVOS

A ANPA “San Simón” do IES de Cacheiras é un instrumento de comunicación das nais e pais do alumnado coa dirección do centro, establecendo liñas de traballo conxuntas para tratar de enriquecer a formación dos nosos fill@s.

Grazas ás cotas dos soci@s e ás axudas que nos chegan, vía subvención, tanto da Deputación da Coruña como do Concello de Teo vimos consensuando desde hai anos un calendario de actividades complementarias á formación académica que imparte o centro. E tamén xestionamos un banco de libros do que se poden beneficiar as familias do alumnado que son socias da ANPA.

Pero o 2020 foi un ano marcado pola pblemática sociosanitaria derivada da COVID-19. O confinamento domiciliario imposto entre o 13 de marzo e o 22 de xuño, a supresión das clases presenciales durante os últimos catro meses do curso 2019-20 e as medidas de seguridade e hixiene impostas para o curso 2020-21 supuxeron a supresión ou, no mellor dos casos, o adiamento de moitas das actividades programadas para o ano 2020.

SOCI@S

Durante o curso 2019-2020 fomos un total de **185** familias asociadas.

A cota de soci@ é de **15** euros anuais por familia.

As familias asociadas á ANPA “San Simón” participan do reparto de libros. Co gallo de adaptarse ás recomendacións sanitarias marcadas pola consellería de Educación recolléronse os libros do curso pasado no mes de xullo e fíxose un único reparto en setembro.

Entregáronse en 229 lotes un total de 526 libros de texto e 220 de lectura. Para atender a demanda do alumnado de 1º e 2º de Bacharelato compráronse 12 libros por valor de 509,64 euros. Deste xeito, foi posible entregarlles a todos os solicitantes un libro de texto como mínimo.

XUNTA DIRECTIVA

Presidente: Francisco Vicente Álvarez

Vicepresidente: Ángel Ruíz Suanzes

Tesoureir@: Carmen Mendoza Vaamonde

Secretari@: Josefa Valiño Calo

Vogais:

José González Parga Esperanza Moreiras Cuñarro

Óscar Villán Seoane Laura Lojo Rodríguez

Nuria Lamas Campos Dolores Seijo Martínez

Víctor Lage Piñón

A xunta directiva actual está pendente de renovación.

Os nomes marcados en vermello corresponden a persoas que, por diferentes motivos, xa non están desempeñando eses cargos.

A renovación dos membros ten que facerse por votación en asemblea xeral, pero a actual crise sanitaria desaconsella a convocatoria deste tipo de reunións, alomenos de xeito presencial.

A ANPA carece do soporte tecnolóxico necesario para facela de xeito telemático. Agardamos que a situación permita convocar unha asemblea nos vindeiros meses.

PROGRAMACIÓN ANUAL

- Servizo de Banco de libros:
- Recreos activos: compra dunha mesa de ping-pong.
- Compra de material COVID: máscaras para todo o alumnado, xel hidroalcohólico e un medidor de calidade do aire.
- Visita ao CIMUS
- Visita á feira dos minerais
- Contacontos en francés
- Club de debate
- Convivir en igualdade: punto lila

A crise sanitaria obrigou a supresión de varias das actividades previstas como: o cine na escola, o obradoiro de narración oral de Paula Carballeira, o teatro en inglés, o taller de zumba e defensa personal, as charlas de expertos en diferentes eidos , o planetario móbil ou os talleres científicos.

Con todo, cómpre lembrar que esta programación é posible grazas ás cotas dos socios e ás axudas que nos chegan, vía subvención da Deputación da Coruña e do concello de Teo.

SERVIZO DE BANCO DE LIBROS

Desde a posta en marcha deste servizo, no ano 2012, a ANPA “San Simón” emprestou 6.661 libros

Para o curso actual fixéronse 229 lotes, cun total de 746 libros de texto e lectura, que trataron de repartirse do xeito máis equitativo posible.

Para poder atender todas as solicitudes, no 2020 compráronse 12 libros por un valor de 509,64 euros.

RECREOS ACTIVOS: LIGA DE PING-PONG

A COVID obrigou a reestructurar as clases, os horarios e mesmo o tempo de recreo do alumnado.

Co propósito de manter as distancias e tratar de evitar a concentración do alumnado, a dirección do centro optou por repartir o tempo do recreo en tres faixas diferentes, de xeito que o alumnado dos cursos superiores ten 40 minutos seguidos.

Para facer máis levadeiro este espazo, a dirección do centro solicitou a axuda da ANPA para mercar unha mesa de ping-pong, coa finalidade de ofertarlle ao alumnado unha proposta lúdica, que estimula a práctica deportiva e fixa hábitos saudables entre o alumnado.

A mesa instalouse no patio interior no mes de outubro e poden disfrutar dela todos os alumnos do centro. Pedíuselle ao centro que traballen en valores e presten especial atención a situacións de vulnerabilidade social e discriminación sexista.

COMPRA DE MATERIAL COVID

En colaboración co concello de Teo, que abreu unha partida especial dentro das subvencións ás entidades educativas para o curso 2019-2020, a ANPA puido investir en material para tratar de facer fronte á COVID-19.

Compráronse 700 máscaras para repartir entre todo o alumnado do centro. As máscaras están feitas en Galicia, son distribuídas a través dunha empresa da zona e cumpren os estándares de calidade esixidos pola consellería de Sanidade (Test ITEL CE-11339 / UNE-EN14683 e UNE-EN-00659).

Tamén se mercaron 20 garrafas de 5 litros do Xel hidroalcohólico hixienizante. O pedido fíxose en conformidade coa dirección do centro, xa que nos primeiros meses do curso non dispoñían de moito stock e o consumo mensual de xel era e é moi elevado.

A petición da dirección do centro comprouse un medidor de calidade do aire. O instituto contaba unicamente cun medidor, o que dificultaba o traballo do grupo COVID, que debe facer medicións de xeito regular en tódolos espazos do centro.

VISITA AO CIMUS

O alumnado de 4º da ESO visitou este Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas.

O obxectivo desta actividade é tratar de estimular a creatividade do alumnado, que tome conciencia da importancia do labor investigador e a xeración de coñecemento en base a criterios de excelencia e que coñezan a existencia deste centro referencia a nivel mundial e as oportunidades que se lles abren desde o eido académico.

VISITA Á FEIRA DOS MINERAIS

O alumnado de 1º da ESO fixo unha visita á feira dos minerais. Tratábase de ofrecerlles unha proposta didáctica que complementase a formación na aula. Aquí aprenderon a identificar minerais, xemas e fósiles de todo o mundo e participaron en diferentes talleres de formación continuada.

Ambas actividades partiron do Departamento de Ciencias do centro que pediu a colaboración da ANPA para sufragar os gastos derivados do transporte do alumnado.

CONTACONTOS EN FRANCÉS

Con historias tradicionais de África Samuel Mountoumjou trata de chegar ao alumnado de francés a unha realidade lonxana, pero que recoñecen a través do fenómeno migratorio.

Educar na diversidade, o coñecemento e valoración da pluralidade lingüística, tanto dentro do noso propio país como fóra del, resulta esencial para o recoñecemento da diversidade e o intercambio cultural.

Ademais, este tipo de obradoiros contribúen a afinar o oído, a mellorar a atención, a enriquecer o vocabulario e a descubrir outras linguas e culturas. Unha experiencia sumamente positiva para o alumnado de francés.

Aínda que estaba programada para facerse de xeito presencial, por precaución, optouse por desenvolver a actividade de xeito telemático. E pese aos problemas técnicos, parece que o resultado foi bastante satisfactorio.

CLUB DE DEBATE

Mediante o asesoramento de monitores e profesores búscase, mellorar a destreza e a habilidade comunicativa e o desenvolvemento do espírito crítico entre o alumnado.

A idea é aprenderlles a manexarse en público, a escoitar, a presentar as súas opinións con soltura, a argumentar con coherencia, a deliberar, a confrontar.

Trátase de atopar as ferramentas axeitadas para que o alumnado lle dea forma ás súas ideas e aprenda a expoñelas en público do xeito máis elocuente e ordenado posible.

*Os custos desta actividades asumíronse de xeito compartido entre
a ANPA e o concello de Teo*

CONVIVIR EN IGUALDADE

Hai que educar en igualdade, e desde a xunta directiva da ANPA temos o firme convencemento de que debemos ofrecerlle ao alumnado as ferramentas necesarias para facelo.

Con tal motivo, impulsamos a creación dun “Punto lila”, un espazo, que dentro do propio centro visibilice o rexeitamento contra calquera tipo de violencia. Tamén como espazo de reflexión dende o que artellar solucións para loitar contra esta lacra social.

Aínda que estaban previstas diferentes charlas sobre o papel da muller na sociedade actual e a discriminación por sexo, non foron posibles por mor das medidas de seguridade adoptadas para facer fronte á COVID-19.

ORZAMENTO

INGRESOS ANUAIS

CUOTA DE SOCIOS	2.775,00€
SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN DA CORUÑA 2019	2.500,00€
SUBVENCIÓN CONCELLO DE TEO 2019	1.987,43€
SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN DA CORUÑA 2020 (pendente de cobro e de xustificación, xa que non se puideron facer todas as actividades plantexadas)	2.107,56€
SUBVENCIÓN CONCELLO DE TEO 2020 (pendente de cobro)	1.738,50€

GASTOS ANUAIS

SERVIZO DE BANCO DE LIBROS	509,64€
COMPRA MESA PING-PONG	889,98€
COMPRA MATERIAL COVID	3.849,71€
ACTIVIDADES FORMATIVAS PARA O ALUMNADO	1.088,00€
GASTOS DE XESTIÓN E MANTEMENTO CONTA	212,00€
CUOTA FEDERACIÓN ANPAS	100,00 €
GASTOS MODIFICACIÓN XUNTA DIRECTIVA	7,65€
GASTOS FOTOCOPIAS	16,63€
TOTAL GASTOS	6.673,61€

OBXECTIVOS PERSEGUIDOS

Os membros da xunta directiva da ANPA “San Simón do IES de Cacheiras cremos que hai que “educar en, e para o futuro”.

“Pensa, fala, coida, respecta: cara unha educación glocal” ese foi o fío conductor do proxecto educativo que tentamos por en marcha ao longo deste curso. Aínda que o programa non puido completarse, o noso reto como asociación é seguir traballando día a día.

Sabemos que a nosa función como nais e pais é provocar a curiosidade dos rapaces e rapazas, abri-lles os ollos a novas disciplinas, provocar a súa curiosidade, aportar-lles experiencias enriquecedoras e ofrecer-lles as máis variadas ferramentas de traballo para que poidan desenvolver proxectos creativos e innovadores.

Trátase de “educar en talento”, de alentá-los a reflexionar cun criterio de seu e de fomentar os vínculos de cooperación superando as barreiras de xénero ou clase e de aprender-lles a detectar e rexeitar calquera tipo de conducta violenta.

Co apoio de:



Deputación
DA CORUÑA



CONCELLO DE **TEO**